

POLÍTICA DE PRIVACIDADE DA CANLE ÉTICA

1. Identificación e datos de contacto do Responsable.

Os datos de carácter persoal que nos facilitaches a través da Canle Ética, así como outros que se recollan durante a xestión da túa consulta ou denuncia, serán tratados por:

- Euskaltel S.A., que ten domicilio social no Parque Tecnolóxico, Edificio 809. 48160 Derio, CIF: A-48766695 y
- A-48766695 e R Cable y Telecable Telecomunicaciones S.A.U., con domicilio social en Rúa Real, 85. 15003 A Coruña. CIF: A-15474281

Ambas serán os corresponsables do tratamento (en diante, o Grupo) en base ao contrato de corresponsabilidade que asinaron para regular as obrigas de cada unha delas, do que tes información completa na sección Política de Privacidade da nosa web. Así mesmo, contan cun Delegado de Protección de Datos designado a nivel Grupo, con quen te poderás poñer en contacto a través do seguinte enderezo: dpdgrupoeuskaltel@euskaltel.com

2. Para que tratamos os teus datos persoais?

Os teus datos persoais son tratados polo Grupo para xestionar as denuncias ou as consultas presentadas relativas ás irregularidades, incumprimento ou infracción de políticas, códigos e calquera lexislación ou normativa aplicable ao Grupo Euskaltel.

O acceso aos datos contidos na Canle Ética está limitado exclusivamente ás persoas que en cada momento desenvolvan as funcións de cumprimento, e, no seu caso, aos encargados do tratamento que eventualmente se designen para ese efecto, de acordo co previsto na sección 4.

Poderá acceder persoal con funcións de xestión e control de recursos humanos cando resulte necesario para a adopción de medidas disciplinarias que, no seu caso, procedan.

3. Cal é a lexitimación para o tratamento dos teus datos persoais?

Trataremos os teus datos persoais sobre a base lexitimadora do interese lexitimo do Grupo de velar polo cumprimento da calquera normativa interna; políticas, códigos e normativas de actuacións definidas, e de calquera disposición legal xeral ou sectorial, de acordo co establecido no Artigo 24 da LOPDeGDD.

4. A que destinatarios se comunican os teus datos persoais?

No caso de que a denuncia que presentes finalice co inicio dun procedemento xudicial ou administrativo, os Xuíces e Tribunais ou a autoridade competente poderán ter acceso a esta información.

Terán acceso aos datos persoais os prestadores de servizos do Grupo dos sectores de sistemas de información e tecnoloxía que para dar o servizo contratado precisen acceder a eles. Así mesmo, informámoste de que non realizaremos ningunha transferencia internacional dos teus datos persoais.

5. Canto tempo conservamos os teus datos persoais?

Os datos incorporados ás denuncias/consultas que se envíen conservaranse neste sistema durante o tempo necesario para dilucidar se é necesario iniciar unha investigación sobre o suposto denunciado, sen que este período se estenda máis de tres meses dende que se presenta a denuncia. No caso de que o Grupo decida que non se debe iniciar unha investigación, ou de que se cumpra o devandito prazo, os datos serán eliminados do sistema da Canle Ética. Poderanse manter para acreditar o cumprimento da obriga de dispor dunha canle de denuncias. En calquera caso, as denuncias ás que non se dese curso anonimizaranse.

No caso de que o Grupo decida que se debe iniciar unha investigación, os datos eliminaranse da Canle Ética, sendo tratados no sistema correspondente, conservándose a información nos devanditos sistemas durante o tempo estritamente necesario para o bo fin da investigación, así como para a tramitación dos correspondentes procedementos administrativos e xudiciais e a adopción, no seu caso, de medidas disciplinarias. Unha vez finalizada a súa tramitación, os datos conservaranse bloqueados coa finalidade de acreditar o cumprimento da obriga de dispor dunha canle de denuncias.

6. Cales son os teus dereitos?

Informámoste de que poderás exercer os seguintes dereitos:

- (i) dereito de acceso aos teus datos persoais;
- (ii) dereito de rectificación de calquera dato persoal inexacto;
- (iii) dereito de supresión dos teus datos persoais, cando isto sexa posible;
- (iv) dereito a solicitar a limitación do tratamento dos teus datos persoais cando a exactitude, a legalidade ou a necesidade do tratamento dos datos resulte dubidosa; nese caso, poderemos conservar os datos para o exercicio ou a defensa de reclamacións.
- (v) dereito de oposición ao tratamento dos teus datos persoais.

Poderás exercitar os teus dereitos en calquera momento acompañando copia do DNI ou outro documento que acredite a túa identidade, e de forma gratuíta das seguintes formas:

1. Dirixindo un correo electrónico a través do enderezo canaletico@euskaltel.com, indicando “Exercicio de dereitos ARCO”, e precisando o dereito que desexas exercitar e os teus datos identificativos.
2. Dirixindo unha solicitude escrita a Responsable de Cumprimento do Grupo Euskaltel, ao seguinte enderezo: Parque Tecnolóxico, Edificio 809, 48160 Derio, Biscaia, incluíndo visiblemente a referencia “Exercicio de dereitos ARCO” e indicando o dereito que desexas exercitar e os teus datos persoais.

Por outra banda, informámoste de que tes dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos se consideras que se cometeu unha infracción da lexislación en materia de protección de datos a respecto do tratamento dos teus datos persoais.